

PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS EN USUARIOS DE DROGAS POR VÍA PARENTERAL

Xustificación

A prevención é a única e auténtica clave realmente eficaz na loita contra do avance da transmisión da enfermidade do VIH/SIDA. Pese a tódalas mensaxes e campañas dirixidas a poboación en xeral aínda atopamos que as prácticas e comportamentos de risco séguense a manter.

A práctica de relacións sexuais sen preservativo non é infrecuente na poboación mais nova que, ademais, iníciase antes na práctica da sexualidade. Por outra lado, na poboación adulta seguen a funcionar estereotipos como o de “a min non” ou “por unha vez” ou “no ten aspecto”... A suposta “cronicidade” da enfermidade e o avance nos tratamentos parece ter levado a unha relaxación na adopción de medidas e comportamentos saudables preventivos.

A información e formación participante son os únicos medios para espallar o coñecemento sobre o VIH/SIDA e outras ITS de cara a súa prevención promovendo a asunción de actitudes e comportamentos saudables.

Para que a prevención chegue ós destinatarios temos que implicar a tódolos elementos socializados, é dicir: familia, mestres e grupo de iguais.

No achegamento a esta realidade o Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense desenvolve, dende a súa creación en 1992, proxectos de educación e promoción da saúde na poboación en xeral, e particularmente coa xuventude e colectivos de alto risco (usuarios de drogas, traballadores do sexo, homosexuais, menores institucionalizados, poboación reclusa, ...).

Fogares desestructurados, baixo nivel educativo, déficits na adquisición de valores, modelaxes negativas dende a fratría ou os pais (uso de drogas, agresións, alcoholismo, ...), desmotivación e apatía, sentimento de desarraigo e abandono, etc. Estas son algunhas das características definitorias dos rapaces e rapazas acollidos/as nos centros tutelares de menores. O consumo de drogas e o inicio de relacións e prácticas sexuais non seguras son feitos constatados na realidade dos rapaces e rapazas acollidos/as nestes centros. Así pois, os centros e tutelares de menores supoñen un espazo de obrigada intervención de cara á prevención do VIH e outras ITS, así como para a prevención no inicio do consumo de drogas e a redución de riscos asociados o uso e abuso das mesmas.

O Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense, no seu traballo diario e no contacto coa poboación afectada polo VIH/SIDA, detecta carencias respecto á atención, apoio, recursos e información. Esta situación acentúase aínda mais en colectivos marxinais (usuarios de drogas, profesionais da prostitución, homosexuais,...) nos que esta precariedade determina que se están a manter prácticas de risco, ademais de presentar maior vulnerabilidade social e discriminación.

O modelo da casa de Acollida que xestionamos, orientase á incorporación social do seus residentes na acepción mais ampla e integradora, dando resposta así a realidade actual de un sector importante de enfermos de VIH/SIDA na nosa comunidade. Evidentemente, este propósito tan ambicioso supón un traballo moi amplo e complexo. Abarca moitos ámbitos de actuación diferentes: sanitario, social, psicolóxico, xurídico, etc. É por isto que nós formulamos o desenvolvemento de diferentes deseños individualizados de intervención. Este está orientado a favorecer o incremento da calidade de vida ós residentes, que lograrían en derradeira instancia a normalización social.

Benefíciense deste recurso 8 persoas. Excepto nalgúns casos todos presentan unha historia importante de drogodependencia, cun mínimo de 10 anos de historia a ese nivel.

A vía de transmisión do VIH, é presuntamente, intravenosa no 90% dos casos, no resto a infección foi por practicas sexuais de risco ou descoñecen a causa exacta. A media de idade é de 36 , nun intervalo que vai dende os 21 ós 48. O recurso do que proveñen maioritariamente os residentes é das Unidades Asistenciais de Drogodependencias, seguido dos Comités Cidadáns e os Centros Penitenciarios.

Os casos atribuídos a relacións sexuais sen protección constituíron ascenden na actualidade o 70% sendo na súa grande maioría provintes de relacións entre homes, na actualidade estes porcentaxes seguen subindo.

A diminución da incidencia da sida, que se rexistrou dende o ano 1996, atribúese aos logros na prevención da enfermidade e, fundamentalmente, a utilización dos tratamentos antetrovirais nas persoas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana.

Un dos piares básicos da loita contra a SIDA é a detección precoz das persoas infectadas polo VIH. O diagnóstico precoz ofrece a posibilidade de beneficiarse da terapia antiviral nas etapas precoces da infección, así como intentar modificar as condutas que favorecen a transmisión do virus a outras persoas. Neste senso as probas rápidas de detección do VIH ofrecerán ademais da vantaxe de facilitar o diagnóstico precoz, a posibilidade de chegar a colectivos con escaso contacto cos servizos de saúde ou reticentes a acudir a eles, pero que si é probable que acudan en determinados momentos pola inmediatez de resultados que proporcionan as probas rápidas de VIH.

Dende o ano 1990, as políticas europeas respecto das drogas ilícitas veñen caracterizadas pola introdución dun novo concepto: a redución de danos. Este concepto sostense na idea de que o mellor xeito de limitar a problemática asociada ó consumo de drogas é mellorar as condicións de vida do consumidor aceptando ó feito do seu consumo en vez de tratar de evitalo.

O éxito das medidas tomadas no marco da redución do dano pronto se fixo evidente de cara a previr e conter o espallamento de enfermidades transmisibles relacionadas co consumo de drogas por vía parenteral.

Grazas á provisión de sustancias de mantemento (tales como a metadona) moitos consumidores poden estabilizar a súa vida e baixar o consumo de heroína. Por outro lado os programas de intercambio de xiringas teñen demostrado a súa eficacia en canto evitar prácticas de risco como o uso compartido do material de inxección.

No Estado español, na década anterior, a atención ós drogodependentes centrouse na implantación e desenvolvemento de recursos e dispositivos asistenciais destinados ás persoas que querían deixar o consumo. A realidade actual enfróntanos coa constatación dun gran N^o de persoas que non queren ou non poden abandonar o consumo e nos que a hepatite, tuberculose, VIH, e outras infeccións atopan un campo aboado para a súa implantación.

Seguindo a tendencia Europea e a análise das necesidades que na intervención diaria nos atopábamos, o Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense ven a desenvolver, dende o ano 1997 dous proxectos de intervención dende a filosofía da redución do dano:

- Programa de Redución de Riscos en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral

- Proxecto de Intercambio de Xiringas en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral.
- Proxecto de Educación en Uso Mais Seguro e Prevención de Sobredose en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral.
- Casa de Acollida para persoas afectadas polo VIH/SIDA.

MEMORIA DE ACTUACIÓN

Proxecto Intercambio de Xiringas (PIX) en usuarios de Drogas por Vía Parenteral

Xustificación

As características propias do consumo de drogas, especialmente por vía parenteral, fan que a infección por VIH/SIDA adquira entre os consumidores das mesmas unha incidencia moito mais elevada que no resto da poboación do noso entorno.

A infección espallase rapidamente neste colectivo pola implantación de prácticas antihixiénicas como a de compartir xiringas ou material de inxección.

Tamén, se observa que, esta poboación de maior risco, non acostuma a acudir ós servizos da Rede Asistencial Normalizada por: deterioro físico, psíquico ou social, non recoñecer a súa situación, non desexar desintoxicarse, rexeitamento as Institucións sociosanitarias, problemas legais, ...

Dos casos de SIDA, a utilización de drogas por vía parenteral é o factor de risco mais importante, chegando a representar en Galicia o 35,7% dos casos notificados. A isto axudan varios factores relacionados con comportamentos de risco como: compartir material de inxección, prácticas sexuais sen protección e a elevada frecuencia do consumo de sustancias

Precisase pois, para a plena eficacia na prevención de danos asociados ó consumo de drogas por vía parenteral dunha acción formativa e informativa directa sobre os problemas de saúde e a abordaxe dos mesmos no colectivo dos UDVP's, que se desenvolva nos lugares habituais de consumo, "chutadeiros".

Actividade

Prevención da transmisión do VIH en usuarios de drogas inxectadas a través do programa de intercambio de xiringas.

Obxectivo Xeral

Mellorar a calidade de vida dos UDVP's que non se achegan a outro tipo de recursos, minimizando o impacto da infección VIH e outras patoloxías asociadas ó consumo de drogas.

Obxectivos Específicos

- Acceder o maior N° posible de consumidores de drogas que non contactan con outro tipo de programas ou servizos de atención a drogodependentes.
- Xerar estratexias para a prevención secundaria e terciaria dos riscos derivados do consumo de drogas.
- Ofrecer ós destinatarios información e medios para desenvolver hábitos máis saudables relacionados coas súas pautas de consumo, comportamento sexual e de saúde en xeral.
- Administrar material de prevención para a posta en práctica de ditos hábitos máis saudables.
- Ofertar información a cerca dós recursos existentes o seu alcance e nos que poidan atopar solucións ós diferentes problemas que lles poden afectar e facilitar o achegamento a eles.
- Captar mediadores sociais sensibilizados, afectados ou forzas vivas dos barrios, para que divulguen a información ós individuos menos accesibles.
- Reducir o N° de xiringas infectadas polo VIH dentro do grupo de inxectores de drogas.
- Diminuír o N° de agullas/xiringas abandonadas en lugares públicos.

Metodoloxía

- Intercambio de xiringas e reparto doutros materiais tales como toallina desinfectante (a maiores da que ven co Kit), ácido cítrico, goma compresora, papel de prata, preservativos, lubricante ...
- Atención, asesoramento no local da Asociación Comité Cidadán Anti-SIDA de Ourense: o local será un punto de referencia tanto a nivel de asesoramento e apoio como para potenciar pautas positivas de educación sanitaria: sexo seguro, uso seguro, hixiene.
- Intercambio de xiringas na rúa, tras un estudio d e diversas zonas de incidencia estratéxica no consumo de drogas, no que ademais se repartirán tamén outros materiais. Tentarase facer un

achegamento ós/ás usuarios/as dialogando sobre pautas básicas de hixiene e educación sanitaria, apoiando con trípticos e/ou folletos informativos, realizando curas cando sexa preciso e ofertándolles un asesoramento para xestións puntuais (sociais, sanitarias e institucionais), nunha unidade móbil dende a que se fai reparto de xiringas e mais preservativos e información.

Ámbito Xeográfico, Temporalidade e Usuarios

A actividade de intercambio de xiringas desenvólvese no local do comité de luns a venres de 09:00 h. a 15:00 h.

Os destinatarios son UDVP's residentes ou transeúntes na cidade de Ourense.

Avaliación

Actividades	Intervencións
Intercambio de xiringas e reparto doutros materiais de consumo mais seguro.	Feito dende o 02/01/2014 ó 30/12/2014
Atención, asesoramento no local do Comité. Homes Mulleres	366 intervencións. 350 16
Obradoiros realizados	Inxección hixiénica

Indicadores de Avaliación	Intervencións
Nº de usuarios contactados	93
Nº de xiringas entregadas e recollidas.	4946 entregadas 4599 recollidas
Nº preservativos entregados.	9368 unidades
Material suplementario de uso mais seguro entregado.	203 pregos papel de aluminio 34 compresores 41 augas bidestiladas 635 sobres ac. Cítrico 74 Caciños 64 Filtros 35 Toallíñas desinfectantes
Numero de actuacións en primeiros auxilios e sobredose.	52 intervencións en primeiros auxilios 0 actuacións en sobredose
Nº de derivacións a recursos da Rede Asistencial Normalizada.	16 a servizos de infecciosos 6 a urxencias
Grao de satisfacción dos usuarios.	MEDIO/ALTO

Proxecto de Educación en Uso Mais Seguro e Prevención de Sobredose en Usuarios de Drogas por Vía Parenteral

Xustificación

Segundo Nexcombe (1992), os riscos derivados do consumo de sustancias activas pódense agrupar arredor de dous eixes:

- a) Segundo un criterio cuantitativo atenderíase ás doses, potencia e frecuencia de consumo.
- b) Dende un punto de vista cualitativo, os riscos virían pola forma de acceder á sustancia, ás condicións na súa preparación, á vía de administración, lugar no que se administra e o patrón de consumo .

En definitiva non só a sustancia, senón que fundamentalmente os comportamentos asociados ó acto de preparación e consumo son a causa dos danos que ocasiona o consumo de drogas.

Neste senso faise necesario formar os UDVP's, sobre as prácticas que supoñen risco engadido para a súa saúde, xa sexa pola infección ou reinfección VIH ou outras UTS, como polos efectos nocivos da propia sustancia, do corte ou do abuso da mesma (sobredose).

A transmisión desta información para que chegue ós UDVP's tense que facer dende a horizontalidade e dende o aproveitamento dos seus coñecementos e experiencias.

Obxectivo Xeral

Reducir os riscos asociados ó consumo de drogas por vía parenteral, especialmente á transmisión do VIH e outras ITS e da tuberculose, previr as sobredoses.

Obxectivos Específicos

- Informar e formar sobre os danos e riscos asociados a determinadas practicas no consumo de drogas.
- Informar e formar sobre a prevención de sobredoses, causas pautas de actuación.
- Adestramento en primeiros auxilios e a técnica da RCP.

Metodoloxía/Actividades

- Curso de Uso mais Seguro para usuarios/as e ex-usuarios/as de drogas.

Metodoloxía e Contidos dos Obradoiro de Uso Mais Seguro

Primeira sesión

Enquisa para elaborar o perfil socio-sanitario dos/as participantes

Aplicación dun cuestionario de coñecementos e crenzas sobre o uso de drogas e o VIH.

Discusión sobre os mesmos.

Segunda sesión

Intervención dirixida a promover o cambio nas prácticas e vía de consumo.

Asesoramento sobre consumo mais seguro (cambio de prácticas no ritual de consumo, importancia de evitar determinados riscos no consumo de drogas, discusión de costumes de inxección perigosas, ...).

O primeiro que se fará será unha recollida de información sobre os modos e modelos de consumo dos/as participantes no obradoiro, e sobre o coñecemento que teñen dos recursos e programas de intercambio da súa zona habitual de traballo ou consumo.

Terceira sesión

Dirixida a tratar sobre a prevención e actuación en sobredoses

Primeiros auxilios.

Adestramento en RCP (tódolos/as participantes realizarán prácticas co boneco).

Proxección dun vídeo sobre primeiros auxilios e RCP.

Contarase con mascarar faciais e elementos de barreira para a realización do boca a boca.

Cuarta sesión

Repaso dos contidos traballados ó longo do obradoiro.

Visionado de vídeos sobre prácticas non saudables de consumo e prácticas de uso mais seguro

Realizarase outro cuestionario de control para valorar os cambios producidos nos coñecementos e actitudes.

Ámbito Xeográfico, Temporalidade e Usuarios/as

Desenvolveranse dos obradoiros ó ano de catro sesións cada un (1º: do 24 ó 27 de febreiro, 2º: do 16 ó 19 de xuño,) sendo cada sesión de catro horas, durante o ano 2014.

Os **destinatarios** foron grupos de oito persoas UDVP's de Ourense ou provincia. Para garantir a súa asistencia se lles gratificará a asistencia economicamente por cada sesión.

Recursos Necesarios

Humanos

Educadora social (deseño, coordinación e intervención).

Mediador social.

Integradora Social

Voluntarios/as.

Usuarios/as .

Materiais

Material preventivo (preservativos feminino e masculino, dípticos, xiringas...).

Medios técnicos e audiovisuais

Manuais do obradoiros.

Material reprografiado.

Material funxible.

Avaliación

- N° de obradoiros realizados.
- N° usuarios/as que inician o obradoiro/ n° usuarios/as que o rematan.
- Avaliación dos resultados dos obradoiros (comparación medida pre e post e período de seguimento).
- Materiais preventivos distribuídos: folletos, mensaxes preventivas, preservativos ...
- Grado de satisfacción dos/as usuarios/as.

AVALIACIÓN

INDICADORES	RESULTADOS	
NÚMERO DE CURSOS REALIZADOS	1	
Número de obradoiros realizados	2	
1º Obradoiro	24/02 ó 27/02/2014	8 participantes
2º Obradoiro	16/06 ò 19/06/2014	8 participantes
Usuarios que inician/rematan o obradoiro	16 comezan	16 rematan
Materiais preventivo/informativos distribuídos	<ul style="list-style-type: none"> - Folletos: 146 - Mensaxes preventivos: 545 - Preservativos: 234 	
Materiais preventivos distribuídos	<ul style="list-style-type: none"> - Xiringas: 820 - Papel de aluminio: 890 - Gomas compresoras: 24 - Ácido cítrico: 624 - Augas bidestiladas: 166 - Preservativos: 234 	
Grado de satisfacción dos usuarios	Medio/alto	